

## **Acotacións históricas de Moraime**

**José Enrique Benlloch del Río**

### **RESUMEN**

Con este artículo se pretende, de forma esquemática, poner de manifiesto el potencial social y económico que tuvo el priorato benedictino de Moraime en la costa del finisterre gallego. Es de destacar el celo de sus priores en conservar su autonomía funcional, durante todo el siglo XVI y el primer tercio del siguiente –vinculado, eso sí, a la Congregación de Valladolid, y más tarde dependiente de San Martiño Pinario de Santiago de Compostela-. No siguió, pues, la tónica de los cenobios gallegos de su tiempo.

### **RÉSUMÉ**

Dans cet article on prétend, de forme schématique, mettre en évidence le potentiel social et économique qu'a eu le prieuré bénédictin de Moraime sur la côte du finisterre galicien. Il faut souligner le zèle de ses prieurs afin de conserver autonomie fonctionnelle, pendant tout le XVI siècle et le premier tiers du suivant –lié, effectivement, à la Congrégation de Valladolid, et plus tard dépendant de San Martiño Pinario de Santiago de Compostela-. On n'a pas suivi, donc, la dynamique des monastères galiciens de son époque.

## ABSTRACT

This article intends to briefly point out the social and economic potential of the Benedictine priory of Moraime, on the coast of Galicia's Land's End. It should be noted how zealous the priors were about keeping its functional autonomy throughout the 16th Century and the first third of the next century, notwithstanding its connection to the Valladolid congregation, and its later subordination to Santiago de Compostela's San Martiño Pinario. Thus, the monastery did not follow the prevailing tendency at the time in Galicia.

### ***Palabras Clave***

*Moraime – Muxía – Fueros – Jurisdicciones – Priors – Altamira – Pleitos – Monasterio.*

### ***Mots clés***

*Moraime – Muxía – Chartes – Juridictions – Priors – Altamira – Actions en justice – Monastère.*

### ***Keywords***

*Moraime – Muxía – Charters – Jurisdictions – Priors – Altamira – Lawsuits – Monastery.*

## Índice

I.- Introducción

II.- A xurisdición

III.- Os foros

IV.- Os priores

V.- Os preitos e a información aportada

VI.- Moeda utilizada na zona s. XV – XVI

VII.- Algúns datos económicos s. XV – XVI

VIII.- O templo e o mosteiro

IX.- Abades, presidentes e priores de Moraime



Casa monacal-reitoral e a igrexa románica de Moraime

## I.- Introducción

Moraime é unha parroquia do concello de Muxía (A Coruña) composta de 24 lugares, con unha extensión aproximada de 21,5 km<sup>2</sup>.

A historia do couto e priorado de Moraime, na súa totalidade, está por escribir. Serán posiblemente as novas xeracións as que teñan que facelo. Mais as persoas temos interese nela tamén temos a obriga de contribuír co noso esforzo, porque documentación non falta, a pesar de os escritos teren sufrido distintos traslados –dentro e fóra de Galicia- e seren algunhas veces pouco coidados.

En primeiro lugar debemos salientar que cando lemos os documentos antigos o topónimo de Moraime varía ao longo do tempo. Antes do ano 1095 consta que os antigos chamábanlle Sabuceta, tal como recolle o pergameo de Sarteguas. Logo o máis frecuente é ver escritas formas como Moriames, Moramea, Moyrame, Morant, Muyrame, Moyramea, Mourame ou Morame. É cara o s. XVII cando xa se establece de xeito máis firme o nome de Moraime.

En segundo lugar, hai que resaltar que a primeira advocación deste couto foi S<sup>a</sup> María, e máis tarde San Xiao. Non coñecemos en que data se troca mais, desde logo, S<sup>a</sup> M<sup>a</sup> ten que ser de antes do ano 1119, porque nos escritos dese ano cítase “Ecclesie sancte Beati Juliani Martyris”. Aínda así, de vez en cando, nalgún documento aparece citada a primeira forma; tal é o caso seguinte: “Relación ... de gastos hechos en la reforma de ... San Julián de Moraime” di: “primero de abril de 1516 pagué en Cançellería apostólica presente Françisco de Roa solicitador de annatas del papa, lo que sigue por el priorato de Santa María (sic) de Morayme ordinis sancti Benedicti compostellane dioc. unido al monasterio de Sant Benito de Valladolid (...) la perpetua capellanía ad altare Sancti Petri intra ecclesiam sancti Juliani de Moraime ordinis sancti Benedicti compostellani dioce...”<sup>1</sup>

As escavacións realizadas no ano 1972 amosaron restos das épocas e culturas romana e visigoda. Debe terse en conta que “como resultado da organización das sés episcopais, da aparición de novas parroquias e da fundación de mosteiros, a cristianización de Gallaecia se presenta como feito consumado a comezos do século VII.”<sup>2</sup>


Este priorado, igual que as comunidades monásticas en xeral, ten a súa orixe nas axudas dos monarcas para a consecución de terras. Ás veces algúns nobres da sociedade galega tamén axudaban aos mosteiros, aínda que outras polo contrario apropiábanse de terras destes. Aos veciños que as ocupaban aplicábanselle os foros, pasando estes a unha situación de obediencia e vasalaxe de por vida.

1 Zaragoza Pascual, E. *Documentos inéditos sobre algunos monasterios gallegos (1491-1598)*. *Diversarum Rerum*. Orense 2010. Fonte orixinaria do citado documento: AHN, Códice 881, fol 154rss.

2 López-Mayán Navarrete M. *A Igrexa na Galicia medieval*. pp. 27.

Facendo para este conto unha cronoloxía sinxela destacaremos o seguinte:

Non se coñece o documento fundacional deste mosteiro beneditino. As primeiras referencias a el son do ano 1095, coa anexión de S. Xoán de Borneiro a Moraime, estando de abade Hodorio.<sup>3</sup>



AHUS. CLERO/Clero. Pergameos, Moraime-Perg.2/Doazón, de Borneiro, ao Mosteiro de San Xiao de Moraime (1095.06.18)

Nese mesmo ano Froila Pérez concédelle tamén o lugar de Sarteguas, coa condición de que os caseiros servisen ao mosteiro.<sup>4</sup>


3 “Donación que hizo Doña Argilo de la Yglesia y Monasterio de San Juan de Borneiro al Monasterio de Moraime” Año 1095. AHSP, Libro de Privilegios San Martín I Tombo, N° 118. (En latín). E AHUS. CLERO/Clero. Pergameos, Moraime-Perg.2/Doazón ao Mosteiro de San Xiao de Moraime.

Debemos sinalar que no AHSP o Libro de Privilegios San Martín I (Tombo) comprende 23 documentos (do citado n° 118 ao 140) relacionados con Moraime, que abranguen desde o ano 1095 ata o 1434. O seu contido é variado: donacións, privilexios, notificación de cédulas, etc. de distintos reis, dende Alfonso VII ao Rei Don Juan II.

Este Libro de Privilegios realízase no ano 1779, por “un anónimo monje del monasterio compostelano de San Martiño Pinario, al comprobar el lamentable estado de conservación en que se encontraban muchas de las principales escrituras de su archivo, decide copiar las que él considera mas notables en un “tombo””. José I. Fernández de Viana y Vieites. Sevilla 1992.

Grazas a este traballo de transcripción, temos o contido e a información dunha serie de documentos medievais, que para o caso que nos ocupa, axúdannos a coñecer mellor a historia de Moraime e máis a de Muxía.

4 “Donación que haze Froila Petri al Monasterio de Moraime de la villa de Sartebagos”. Año 1095. AHSP, Libro de Privilegios San Martín I Tombo, N° 119 (En latín). E AHUS. CLERO/Clero. Pergameos, Moraime-Perg.1/ Doazón ao Mosteiro de San Xiao de Moraime.



AHUS. CLERO/Clero. Pergameos, Moraime-Perg.1/ Doazón, do lugar de Sarteguas, ao Mosteiro de San Xiao de Moraime (1095.03.17)

Unha data importante é a mencionada de 1119. Un privilexio dado en Simancas (1119.09.26) por Alfonso VII –que de adolescente estivera protexido no priorado de Moraime- converteu o realengo de Moraime en couto<sup>5</sup> e confirmoulle o que xa fora dado polo seu avó. “El motivo es claro, ya que Alfonso VII no podía olvidar los tiempos en que, debido a las desavenencias de sus padres Alfonso y Urraca, don Pedro Froilaz lo había refugiado en el citado monasterio, bajo el cuidado de Ordoño, ya que el territorio de Moraime caía dentro de las posesiones y jurisdicción del Señor de Traba, cuya familia era decidida protectora del Monasterio, lo cual hacía que el joven monarca estuviere allí seguro. Lógicamente, entre los confirmantes está *Petrus Froilaz, comes Gallecie, conf.*”<sup>6</sup>

Este privilexio recolle: “(...) decidí hacer una escritura de testamento (...) al monasterio de Moriames, que está situado en la tierra de Traba en el territorio de Nemancos y junto al mar de mi realengo de los hombres pertenecientes al realengo de mi Imperio, tanto de hombres como mujeres cuantos hay en la actualidad son moradores en ese mismo coto como aquellos que en su generación y heredades sirvan al fuero real en el citado monasterio (...) y por el honesto servicio que en nuestra adolescencia y en tiempo de la guerra el abad de dicho monasterio me hizo diligentemente y así este coto yo lo confirmo (...) con la intención (...) a la restauración de este cenobio que en nuestro tiempo fue destruido por los sarracenos ...”.<sup>7</sup>

5 “Privilegio del Señor Rey Dn. Alonso VII por el qual concede al Monasterio de Moraime todo lo Realengo y Jurisdicción del Coto de Moraime.” Año 1119. AHSP, Libro de Privilegios San Martín I Tumbo, N° 120 (En latín).

6 López Sangil, J. L. *La nobleza altomedieval gallega*. Nalgures IV pp. 287.

7 López Ferreiro, A. *Hª de la Stª Iglesia de Santiago*. Vol. III, Apéndice XXXVI, pp. 108.

En definitiva trátase da acreditación ao prior de Moraime, Ordoño, da acotación dos límites xurisdiccionais dos que disporá a partir daquel ano o couto e priorado moraimés. E Muxía tardará douscentos vinte e sete anos en ter o seu *fuero* como vila; o tempo que vai desde o ano 1119 ao 1346, en que a vila logra o mencionado *fuero*.

Igualmente no ano 1119 Diego Frailas e mais seus irmáns doan a Moraime e ao seu abade Ordoño a oitava parte da igrexa de San Vincenzo de Duio<sup>8</sup>

Coñecida é a máxima beneditina *ora et labora*, a súa relación co traballo agrícola, a creación de granxas afastadas dos conventos e a preocupación na introdución das melloras no agro galego. “(...) Os procedementos de explotación da terra empregados supuxeron un gran revulsivo na economía rural galega ao introducir as técnicas máis avanzadas da agricultura expansiva que se practicaba na Europa occidental, tales como o emprego de utensilios de ferro e o arado de veso, o recurso ao cabalo como animal de tiro, o aumento da cabana gandeira, e a eliminación do barbeito ou a especialización de cultivos, que favoreceu a difusión da vide (...). O protagonismo da vida monástica na sociedade galega dos séculos plenomedievais non se debeu só ás repercusións da súa actividade económica, senón tamén ao feito de que os mosteiros se converteron en centros de poder político a través da obtención de cartas de couto concedidas polos diversos monarcas castelán-leoneses, sobre todo de Alfonso VII (...). Estes documentos supoñían que os reis outorgaban a inmunidade aos mosteiros, é dicir, que delimitaban un espazo concreto ao seu redor dentro do cal nin os monarcas nin os seus axentes podía impoñer a súa autoridade.”<sup>9</sup>

Durante a plena Idade Media, esta zona da costa de Galicia estivo exposta aos ataques piratas, ben polos que viñan do norte de Europa, caso dos normandos, ou polos musulmáns que viñan do sur.

“En este tiempo, dice la *Compostelana* al año 1115 (...) todos los demás sarracenos que habitan cerca de la costa desde Sevilla hasta Coimbra, se acostumbraron a construir naves y a lanzarse en ellas al mar, bien armados, devastando y asolando toda la región marítima desde Coimbra hasta los Pirineos, a saber: (...) Nemancos, Soneira, Seaya, Bergantiños, (...) echaban al suelo las iglesias, arrasaban los altares, incendiaban los palacios de los señores, las casas de campo y las chozas de los pobres, cortaban los árboles, mataban los ganados, y se llevaban de ellos para sus naves lo que les hacía menester, y a todos cuantos encontraban, varones, mujeres, niños, les daban muerte o los llevaba cautivos. «Entre las iglesias destruidas por quel tiempo, consta lo fue la monasterial de San Julián de Moraime, en tierra de Nemancos». (...) A tanto llegó la audacia de los piratas, que en varias ocasiones plantaron sus tiendas en tierra firme,

8 Salgado y Rodríguez, J. *San Julián de Moraime*. La Ilustración Gallega y Asturiana. Tomo I, nº 7 pp. 75-76. Esta doazón no AHSP, Libro de Privilegios San Martín I Tumbo, Nº 121, di que se fai no ano 1118 (Era MCLVI). “Donacion que hizo Diego Froilaz con otros sus hermanos y parientes de la Yglesia de Duyo al Monasterio de Moraime” (En latín).

9 López-Mayán Navarrete M. *A Igrexa na Galicia medieval*. Cita, pp. 60-61.

para poder con mayor facilidad hacer sus correrías y rapiña. Los labradores que vivían cerca del Océano, veíanse, por tanto, obligados al mediar la primavera, a retirarse tierra adentro o a guarecerse en cavernas con cuanto poseían.”<sup>10</sup> Falque precisa que “desde la mitad de la primavera hasta mediado el otoño (...) se escondían en cuevas con toda su familia” <sup>11</sup>

En 1152, o emperador D. Alfonso VII xunto cos seus fillos Sancho e Fernando, doa ao mosteiro moraimés, sendo Abade D. Juan, a igrexa de S. Pedro de Vigianti (*Buxantes*) co seu couto “e con todo o seu realengo, que me pertence, a saber, según empeza na ribeira de Ésar (*Ézaro*) e de alí polo retamar de San Clemente e polo monte da Cruz e de alí pola división entre Verenes (*Brens*) e por Castro Trevedo e polo camiño da isla Peladoría e de alí pola Mullermorta até a pena de Lebor e de alí por riba de Pedralonga e remata pola mesma Pedralonga até a ribeira do Ésar (*Ézaro*) onde se comezou o primeiro (...). Feito este documento en Toledo, en 1152, 20 de maio”<sup>12</sup>

Desde o ano 1165 o rei D. Fernando II de León outórgalle a este priorado varios privilexios, polos cales lle confirma o souto do Castro e canto tiña en Chantada.<sup>13</sup> En 1175 por privilexio do rei D. Fernando II concédelle a aldea de Merexo<sup>14</sup>, a metade da igrexa de Traba, e o que tiña en Prado e Vilaseco. Neste documento xa se cita como linde do couto de Moraime o río de Pescaduiña, na costa de Merexo, que aparecerá repetidas veces, con esa mesma función en séculos posteriores. Revalidase este documento, no ano 1211, por mandado do rei Alfonso IX.

Será no ano 1187 cando o rei D. Fernando II lle faga doazón ao mosteiro de Moraime da metade da igrexa de San Simón de Trava e de todo o que lle pertencía en Prado e Villar Seco (Vilaseco).<sup>15</sup>

D. Fernando III (o Santo), en 1232, recibe este mosteiro baixo a súa protección e ofrece defendelo con todos os seus coutos e herdades; prohíbe que ningún nobre poida mercar neste couto facenda algunha, nin que ninguén ouse vendela.<sup>16</sup>

Seis anos máis tarde este mesmo rei concédelle outro privilexio polo cal confirma outros que xa os reis antecesores, desde Alfonso VII, lle fixeran a este mosteiro.<sup>17</sup>

10 López Ferreiro, A. *Hª de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*. Santiago 1900. vol III., cita, pp. 438-439. Correspondente a *Hª Compostelana* nos libros: Lib. I cap. CIII., e no Lib. II, cap. XXI.

11 Falque Rey, E. *Historia Compostelana*. Madrid 1994. Cita, pp. 245.

12 López Ferreiro A. *Galicia Histórica*. Colección Diplomática. Cita, pp. 80-81. (En latín).

13 En AHSP, Libro de Privilegios San Martín I Tumbo, N° 123. (En latín).

14 “Privilegio del Señor Rey D. Fernando por el qual concede al Monasterio de Moraime la villa de Merejo, haziéndola libre de Pecho, Pedido y Fosado”. En AHSP, Libro de Privilegios San Martín I Tumbo, N° 124. (En latín). E logo, anos máis tarde, en 1449, faise un traslado auténtico, transcrito a romance, “a pedimento do religioso frey Fernando dos Santos abade do moesteiro de Mouramea.” (Moraime) . AHSP, Libro de Privilegios San Martín I Tumbo. N° 125.

15 AHSP, Libro de Privilegios San Martín I Tumbo, N° 126. ( En latín)

16 AHSP, Libro de Privilegios San Martín I Tumbo, N° 127. ( En latín)

17 AHSP, Libro de Privilegios San Martín I Tumbo, N° 128. ( En latín)

O rei Sabio, Alfonso X, tamén segue na liña de ratificación dos privilexios reais antecedentes, polo que no ano 1255 llos refrenda a Moraime, do mesmo xeito que xa o fixera seu pai o rei D. Fernando III.<sup>18</sup>

No ano 1335, o rei Alfonso XI corrobora as licenzas e privilexios que xa lle tiñan feito tanto Fernando III como Alfonso X.<sup>19</sup>

É en 1346 (20 días de agosto era de 1384) cando Muxía obtén o *fuero*<sup>20</sup>, outorgado por Alfonso XI (en Ávila). “Tomamos para nos el puerto de mar que disen Mongia”. Será de gran importancia para os muxiáns este instrumento, que lles permitirá gobernarse con certa autonomía; non total, xa que a vila seguirá vinculada a pagar os aranceis ao couto de Moraime –que xa estaban establecidos con anterioridade-. Con todo, si supón un punto de inflexión nas relacións co prior de Moraime.<sup>21</sup>

O *fuero* outorgado aos de Muxía primeiramente é o mesmo que o de Benavente. Ao ano seguinte o Rei Alfonso XI decide que os muxiáns usen o que tiña a cidade da Coruña. Isto significaba conquistar as incipientes autoridades locais: o meiriño, os rexedores, o procurador xeral, ou o escribán, en definitiva formar o rexemento de administración que lles outorgaba a capacidade para aplicar xustiza en primeira instancia, ou para recorrer a outras autoridades foráneas na procura da defensa dos intereses da vila e da súa xurisdición, tanto terrestre como marítima.

Así é doado atopar nos distintos litixios que ten Muxía con Moraime, durante os s. XVI e seguintes a expresión “donde llega el agoa salada”<sup>22</sup>, ou “el agoa del mar es jurisdicción de la villa de Mogia...” “**y ademas los vecinos del [puerto] son regimiento y estan en posesion de besitar todas las nabes e nabios y bajeles que en la dicha Ria surgen asta llegar a tierra firme y las liçencias de descargas y carga de la dicha Ria y Arena Mayor ... donde llega el agoa salada de mar ... hes de la dicha Villa de Mugia .. y para cargar y descargar las mercadorias debe pedir licençia para azer la tal carga o descarga a la justicia e Regimiento e vecinos de la villa de Mugia.**”<sup>23</sup>

Anos despois os monarcas volven lembrar aos veciños de Muxía, mediante instrumentos reais, que deben continuar coas obrigas a Moraime. Tal é o caso desta cédula do

18 AHSP, Libro de Privilegios San Martín I Tumbo, N° 129. ( En latín)

19 AHSP, Libro de Privilegios San Martín I Tumbo, N° 130. ( En romance)

20 Bonilla, L. *Las revoluciones españolas en el s. XVI*. Madrid 1973. pp. 100. “(...) El fuero representaba como un contrato entre el pueblo y los reyes, frente al posible abuso de fuerza y dominio de los señores feudales, y al mismo tiempo comprometía al rey a otorgar y mantener unas garantías que tienen mucho de constitucionales.”

21 “Privilegio del señor Rey D. Alfonso XI, por el qual concede a los vecinos del Puerto de Mugia, el fuero de la Coruña, y reserva al monasterio de Moraime los Derechos que tenía”. AHSP, Libro de Privilegios San Martín I Tumbo, N° 131. (En castelán)

22 “Precisamente el agua salada del mar, hasta donde llegare, señalaba con su presencia la jurisdicción real”. I. Velo Pensado. *La vida municipal de A Coruña en el siglo XVI*. Cita, pp. 50.

23 ARG. Real Audiencia. Cartapacio 22333 / 8. 2ª parte.

ano 1401: “del Señor Rey D<sup>n</sup> Enrique III dada en Valladolid en que confirma la cédula de D<sup>n</sup> Juan I de la era de 1418, en la que manda a los de Mugia que contribuian a Morayme con la que se ordena en otra del Señor Rey su padre D<sup>n</sup> Alfonso XI.”<sup>24</sup>

Vólvense convalidar as concesións feitas ao couto moraimés no ano 1351 por parte do rei D. Pedro I, de acordo cos reis antecesores.<sup>25</sup> Igualmente son corroboradas no ano 1380 polo rei D. Juan I a favor deste couto.<sup>26</sup>

O s. XIV foi un período de perturbacións para este couto. O conde D. Pedro –pertegueiro maior de Santiago- e Ruy Soga de Lobera, en 1380, fanse con coutos, terras e vasalos, contra dereito.<sup>27</sup> O rei Juan I, nas cortes de Soria, ordénalles os dous, que se restitúan a Moraime o que fora levado irregularmente. O certo é que, lonxe de acatar ese mandato, gozan do usurpado.

O rei Enrique III retoma as ordes do seu pai, e a petición do abade de Moraime (1401), encoméndalle o cumprimento delas aos nobres galegos. Neste sentido D. Fadrique dispuxo aos seus vasalos que defendesen o mosteiro no seu nome. A carta ditada en 1403, por D. Fadrique, comeza co seguinte texto: “Yo el conde Fadrique fazo saber a vos Luys de Soga de Lobera et Pero Marino vuestro hermano mis escuderos et a todos los otros mis escuderos et vasallos et personas qualesquier a q̄ esta mi carta fuer mostrada quel abad del monasterio de Mouramea que es en la mi terra de Trastamar es un ome a q̄ yo he de defender et guardar et fazer merçet. Et el díxome que se reçelava q̄ vos los sobredichos o alguno de vos o vuestros omes o personas alguna que le faredes o mandaredes a el o a los moradores de los cotos del dicho monesterio alguno males o dapnos o enojos sen razón et sen derecho como non devedes non lo meresçiendo el o le tomáredes sus bienes o parte dellos o otras cosas algunas contra sus voluntades non devidamente et pediome por merçed que le proveyese sobre de remedio con derecho mandando dar mi carta para vos sobrello. Por que vos digo et mando que defendades et guardades al dicho abad e a los moradores et pobladores en los cotos del dicho monesterio ... dada en la mi villa de Sarria a dos dias de dezenbro año del nasçemiento del nuestro salvador Jesucristo de mill e quatro çentos et tres.”<sup>28</sup> (1403.12.02)

Porén isto non foi abondo para obedeceren. Non lle queda entón outra saída ao mosteiro que recorrer a instancias superiores, neste caso, o correxidor da Coruña, quen por sentenza contra Luis Soga e Pero Mariño<sup>29</sup>, dispuxo a devolución dos bens a Moraime en 1405. Neste ano tamén recobra o abade de Moraime, Gonçalvo Miguelles, a pose-

24 AHUS, Clero regular. Moraime, San Xiao. Indices de clero. Clero, Clr –1205. p. 151.

25 AHSP, Libro de Privilegios San Martín I Tumbo, N° 132. ( En romance). AHUS, II, *Clero*, Moraime, 12. Confirmación de Pedro I.

26 AHSP, Libro de Privilegios San Martín I Tumbo, N° 134. ( En romance)

27 Dado en Medina del Campo, 28 dias de deziembre era de 1418. AHSP, Libro de Privilegios San Martín I Tumbo, N° 135. ( En romance)

28 AHSP, Libro de Privilegios San Martín I Tumbo, N° 138.

29 Pero Mariño de Lobera era o meiriño en terras de Trastamar polo conde D. Fraderique. AHSP, Libro de Privilegios San Martín I Tumbo, N° 137.

sión do couto e igrexa de Borneiro en virtude de sentenza dada polo alcalde “Juhan Sanchez de Arévalo bacheller” en leis, en nome do correxidor da Coruña, contra os citados Soga e Mariño pola improcedente ocupación destas terras.<sup>30</sup>

En 1434, o rei Juan II confirmalle a Moraime os privilexios dos que antigamente tiña gozado.<sup>31</sup> Esta situación dura até a reforma da orde de S. Bieito, no tempo dos Reis Católicos, que recordemos visitan Galicia polo mes de outubro de 1486.

A pesar de que este e outros cenobios contaban coa protección real dos seus bens desde –dito coloquialmente– tempo inmemorial, non estaban libres de que os especuladores ou encomendadores intentasen apropiarse das súas facendas.

Moraime non escapa a esa situación de “pesada y cara protección de encomendaderos tan poco escrupulosos como el Conde de Rivadavia y Doña Urraca de Moscoso. Se repetían las consabidas tropelías. Disposición arbitraria de las tierras y vasallos del monasterio. (...) Los culpados fueron citados a rendir cuentas.”<sup>32</sup>

En versión do prior moraimés, hai corenta inculpados –do propio couto e foráneos– que tiñan documentación irregular sobre propiedades do priorado. Todos son chamados a declarar a raíz dunha Cédula Real dada en Santiago nese ano de 1486.

Dos oito documentos que reflicten esta situación, mostramos unicamente dous, que sucintamente din:

Por monjes e convento del monasterio de Moriente (Moraime)  
para que el conde de Altamira muestre çiertos  
tytalos dentro de çiertos términos

Fº1/

“Don Fernando e dona Ysabel etc

A vos don Lopo de Moscoso<sup>33</sup> conde de Altamira nuestro vasallo / e a vos dona Urraca de Moscoso<sup>34</sup> e a vos Alonso Yañes clérigo/ e a vos Sancho Lopes de Corcobión, e a vos Gregorio Dorujo, e a vos Pedro / Dorujo, Gregorio Peres de Guntin, Alonso Gomes de Avila de Frutos, / Estevan de Junqueras, Gregorio de Santiso, Gregorio de Jallas,/ Lopo

30 AHSP, Libro de Privilegios San Martín I Tumbo, Nº 139.


31 AHSP, Libro de Privilegios San Martín I Tumbo, Nº 140.

32 García Oro, J. *Galicia en los siglos XIV y XV*. Vol I. pp. 415-416.


33 Refírese a don Lopo Sanches de Moscoso ( *I Conde de Altamira*) falecido en 1504, e que nomea herdeiro o seu primo Rodrigo Osorio de Moscoso (*II Conde de Altamira*) fillo de Urraca de Moscoso e Pedro Osorio. Esta sucesión patrimonial realízase (dic. 1488) en Zamora por documento de *Capitulacións matrimoniais* entre Lopo Sanches de Moscoso e Diego de Andrade, señor de Pontedeume e de Vilalba, para o casamento da filla deste Teresa de Andrade e o citado Rodrigo Osorio de Moscoso. J. García Oro. *La Casa de Altamira*. pp. 571.

34 Urraca de Moscoso, antes aludida, é tía de Lopo Sanches de Moscoso.

de Leys, Pedro Esteves, Juan Alonso, Antonio Almallo, Juan Alonso / Maragato, Lopo de Leys, Francisco de Leys de e Lopo de Verenes<sup>35</sup>; Francisco Arquício, Agustín de Leys e Fernando Gregorio de Paços, Alvaro de San Paayo, Lopo de Tourinao, Ruy de Esteves, Gregorio Lopes, e Calros Varros e Juan Alonso Sanches e el abad de San Payo, Teresa Peres, Fernando Alvares, Ruy / Peres. Salud y Gracia. Sepades que por parte del abad prior y monjes e / monasterio del convento de San Julian de Moriame nos fue / fecha relación por su petición que ante nos en el nuestro / consejo fue presentada disiendo que vos e otros en menosprecio / de la vuestra justicia e en grand cargo en peligro de vuestras conciencias sin tener titulo *\tachado titulo/* dicho contra su voluntad por vuestra propia abtoridad syn tener para ello derecho ni titulo alguno le teneis tomado e ocupado el dicho conde de Altamira los montadgos e puestos de Vigiantes e de Sartegos e del lugar de Lozin con su senorio e el terçio de Santa Baya de Dombria e vos la dicha dona Orraca el coto de san Julian (sic) de Borneiro con la iglesia/ de dicho coto diezmos e derechos...”



AGS-RGS<sup>36</sup>



AGS-RGS<sup>37</sup>

35 Verenes = Brens (Cee. A Coruña). Ata este lugar, como vimos anteriormente no ano 1152, chegaba a xurisdición de Moraima, como resultado da dependencia de Buxantes (*Vigiantes*) a este priorado.

36 España. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, Archivo General de Simancas, RGS, LEG, 1486,10,107,001

37 España. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, Archivo General de Simancas, RGS, LEG, 1486,10,107,004

Os documentos mostran unha relación de persoas cos bens que lles tiñan ocupados a este priorado de Moraime. Destacan algunhas citas referidas aos problemas expostos por Moraime sobre a súa propia protección. Neste sentido, unha das citas é a das cortes de Guadalajara do ano 1390, que recorda outras xa emitidas polo rei D. Alfonso nas cortes de Alcalá de Henares; outra é a cita dos Reis Católicos dada en Medina del Campo no ano 1477.

Rematan estes escritos dicindo que “mostreys los derechos e titulos que teneis de los dichos logares e cotos e felegresias e casares ... e logares e cotos e granjas e heredades teneys ... so la qual mandamos dar esta nuestra carta para vos e otros en la dicha rason ... Dada en la cibdad de Santiago a çinco días del mes de octubre de 1486” (1486.10.05)<sup>38</sup>.

A raíz disto, e querendo os Reis Católicos reorganizar o clero regular, Moraime fica unido en primeira instancia a S. Martiño Pinario en 1494, pero esta anexión durará só cinco anos.

“El prior de S. Benito el Real de Valladolid (de quien hace mención el Papa Ynocencio VIII<sup>39</sup> en el privilegio 65 de nuestro Bullario) Reformador de los monasterios de Galicia (cuya reforma continuó con Bulla de Alejandro VI) privó con conocimiento de causa al Abbad de San Julián de Moraime y unió dicho monasterio al de S. Martín de Santiago de quien era Abbad fr. Juan de Melgar. Hubo pleito entre el Abbad de S. Martín y el Abbad privado de Moraime, el qual fue a seguir el pleito a Roma, y Alejandro VI avocando así el conocimiento, se lo cometiò después al auditor Antonio de Monte, y estando pendiente el pleito ante este juez, murió el Abbad privado de Moraime.”<sup>40</sup>

Por bula do ano 1499, o papa Alexandre VI anexiona Ozón –outro priorado beneditino do actual concello de Muxía- a S. Martiño Pinario.

E neste mesmo ano (1499) publica outra, na que Moraime deixa de pertencer a San Martiño Pinario e pasa a depender da Congregación de S. Benito de Valladolid.


Esta situación de anexión a Valladolid chegará até o ano 1634, definitivamente en 1637, quedando aínda algún preito sobre esta unión até o ano 1647: “Para cuyo efecto en el Capítulo inmediato siguiente de 1633 definió la St<sup>a</sup>. Congregación (...) lo siguiente: Yten definió la St<sup>a</sup> Congregación que el Priorato de Morayme se aneje a la Cassa de S. Martín de Santiago quedando obligada a pagar trecientos ducados en plata, y trecientos en quartos al R<sup>mo</sup>. y quatrocientos a la Cassa de S. Benito de Valladolid.”<sup>41</sup>

38 AGS-RGS. X 1486 107 004.

39 Papa durante 1484-1492.

40 AHN. Clero. Legajo 1920. n<sup>o</sup> 2.

41 AHN. Clero. Legajo 1920. n<sup>o</sup> 2.



Bula, de Alejandro VI, de anexión de S. Martiño de Ozón (Muxía) a San Martiño Pinario de Santiago<sup>42</sup>

## II.- A xurisdición

Na parte administrativa o peso da xurisdición recaía no prior do couto. Como vemos, el era a máxima autoridade dentro da demarcación xeográfica, asistido por outras persoas que convivían dentro dese territorio, como o meiriño, o escribán, o mordomo e, dentro do mosteiro, outros frades beneditinos, criadas ou criados do prior.

No mosteiro realizábase todos os martes, con presenza de escribán, audiencia de xustiza en primeira instancia; tiña cárcere, cepo, ferropea e forca. Esta última estaba ubicada no alto do monte da Carrúa, preto da actual estrada de Muxía (a distancia da Carrúa a Muxía é de dous quilómetros).

O escribán tiña capacidade para facer o recoñecemento dos feitos acaecidos dentro desta xurisdición, tanto ocorridos entre veciños do couto como de outros feitos que tiñan relación foránea. Tamén realizaba toma de declaración a testemuñas nun litixio, escrituras de venda, redacción de foros<sup>43</sup>, copias de documentos (traslados ou *tresla-*

42 ARG. Colección de Diplomas en Pergamiño. Sig P-19/3.


43 Sinados polo prior.

dos), etc. Así, era quen de inspeccionar “naos francesas, cargadas de paños, surtas en la Arena Mayor” no ano 1554.

Entramos na Idade Moderna, comezando cun apeo (resultado dun preito) de 1534, que marca os límites xeográficos e xurisdicionais do couto de Moraime, os cales se poden resumir do seguinte xeito:



*Concello de Muxía, Galicia  
e priorado de Moraime*



*Esquema xeográfico do couto*

Pola costa Este, desde a Cruz da entrada de Muxía até o Río de Pescaduiira no costado Oeste de Merexo; polo interior, desde a Punta da Buitra (Confurco) bordea a parroquia de Morquintán, Coucieiro, Vilastose e San Martiño de Ozón, rematando no citado Río de Pescaduiira<sup>44</sup>; e pola costa Oeste, desde os Malatos (Muxía) até a Punta Buitra inclusive, antes do lugar de Cuño que é de Morquintán.

Subliñar que na información comprendida neste cartapacio aparece citado o camiño francés de Moraime a Muxía e que nel había unha cruz, e mesmo entre as testemuñas citan a Nicolás e Juan ou *Ioan* francés.

Hai algunhas salvedades a este apeo:

A primeira é que a xurisdición marítima antes citada, sempre a reclamou Muxía, desde o seu porto até a Fonte Sartaña no costado Este do lugar de Merexo, o que a levou a ter varios preitos co prior do couto, até o extremo de terlle que pedir, este, a licenza de exportación de grao ao alcalde de Muxía.

Se cadra nos muxiáns pesaba, desde a plena Idade Media, esa posesión do *fuero* real, para facer valer a súa autonomía e independencia do priorado de Moraime. Desde logo, aprécíase –nos preitos contra este mosteiro– que utilizan todos aqueles recursos

<sup>44</sup> Como vimos nas páxinas anteriores citado en privilexio do ano 1175.

e actos que os axuden como se fose unha vila con amparo real. Non é menos certo que os priores tamén contaban cos favores rexios.

A segunda é que no ano 1525 San Martiño Pinario e Moraime realizarán un concerto sobre a renda do lugar de Merexo. E no 1546 este lugar pagará as primicias e foros ao prior de Moraime e ao reitor de Muxía.

Por último, dicir que os lugares<sup>45</sup> de Santa Mariña (1585) e o de Baltar (1677) pertencen a este priorado. Despois o primeiro pasa á parroquia de Coucieiro cara o ano 1868, e o segundo nese mesmo ano pasa a depender da parroquia de Vilastose.

En 1545, para facer a demarcación do couto e da vila de Muxía, reúnese Moraime cun representante do arcebispo e outro da xustiza de Muxía; sobre estes límites, quedan establecidas as concordias entre todos eles. En 1620 faise outro apeo deste couto, que recorda os citados anteriormente.

### III.- Os foros

A información que coñecemos deste apartado ten materia abonda para facer un amplo artigo ou mesmo un libro falando soamente dos foros de Moraime. Os foros aportan datos de distinta índole: económicos, numismáticos, agrícolas, topográficos, etc.

Temos localizados 55 puntos foráneos, o couto, nos que Moraime ten estes vínculos, e 27 dentro do mesmo termo. En total, 82 lugares aforados.

Un listado resumido dos lugares foráneos –non todos-, onde tiña foros o mosteiro de Moraime, sería o seguinte: Allóns, Baos, Bardullas, Berdeogas, Berdoias, Betanzos cidade, Borneiro, Brens, Buxantes, Buría, Cambeda, Cánduas, Cereixo, Cesullas, Coucieiro, Duio, Dumbría, Frixe, Leis, Lucín, Santa Mariña, Muxía, Merexo, Ogas, Olveira, Ozón, Pereiriña, Porto, Salto, Toba, Traba, Valladolid cidade, Vilastose, Vímianzo, Xaviña e Xallas.

Paralelamente, S. Martiño Pinario (Santiago de Compostela) tamén tiña foros nas terras de Cereixo, Coucieiro, Fisterra, Frixe, Leis, Moraime, Morquintán, Muxía –unha casa no ano 1415-, Nemiña, Ozón, Touriñán e Vilastose.

O foro era un contrato escrito ante notario, no que o prior arrendaba –a un ou a varios veciños do couto- terras, feais, casas ou muíños, pertencentes á súa xurisdición. Normalmente por dúas voces –a do foreiro e o seu herdeiro- ou pola duración da vida de dous reis; e, máis tarde, estipúlase a marxe temporal concreta de 28 anos. E, de producirse algunha modificación ou novidade durante ese período, había a obriga de comunicarllo ao prior.

45 Para os lugares de Santa Mariña e Baltar. (BOAS). Boletín Oficial del Arzobispado de Santiago nº 207 de 30.01.1868.

O foro podía incluír certas condicións, como a de construír, por parte do aforado, algunha casa nos terreos arrendados.

Pagábanse os tributos, proporcionais ás colleitas, en cartos (ducados casteláns de prata, reais de prata, floríns, ducados de ouro, marabedís ...) ou en especies (ferrados ou cargas, de trigo ou de centeo). E podía sumárselle anualmente a todo o anterior: algunha galiña, capóns cebados, carneiro, mel, manteiga, pescadas *ceciales* (curadas), perdices, cabritos...

O foreiro ou foreiros tiñan que materializalo polo San Miguel, en setembro.

No s. XVI e no XVII tamén entra, en menor medida, o millo como elemento a tributar.

Foro (1529.10.06) outorgado polo prior de Moraime a Vartolameu de Jançon, do casal e terras en Xanzón (Moraime). AFA-C. doc. C-19.

#### IV.- Os priores

A persoa que rexía esta xurisdición era o prior, con autoridade para o nomeamento do xuíz ou meiriño, do mordomo e –ás veces- con poder para nomear o escribán –outras veces, este viña autorizado de Valladolid-. Tiña a función de administrador económico do mesmo, con capacidade para exportar e vender os excedentes agrícolas que se almacenaban no priorado. Outorgaba os foros aos veciños do couto e cobraba as rendas dos mesmos. Polo tanto, este priorado é un foco de poder económico e político, non só no seu couto senón tamén na contorna. E este, de feito, comportábase como un señorío xurisdiccional.

O primeiro Abade é Odoario –ou Hodorio-, no ano 1093; e un dos últimos coñecidos, é frei Bernardino Calvo –que no ano 1863 está exclaustroado en Cee, despois de sufrir este mosteiro a coñecida desamortización en España de 1836-1895-. As terras deste couto son mercadas por Francisco Leiro Lema, veciño do lugar de Lavexo (Moraima), cara o ano 1870.

As atribucións dos priores provocaron conflitos cos veciños de Muxía, que vían saír os barcos cargados de mercadorías pola súa ría ao tempo que as necesidades da vila eran acuciantes.

No ano 1574 o prior Pedro de Nágera, ante a molestia e a presión que lle provocaban os veciños e a xustiza de Muxía para embarcar o trigo e o centeo que recadaba o mosteiro de Moraima, alcanzou unha provisión Real acordada do monarca. Nela dálle licenza para embarcar todo o grao que recollía das rendas –e se houbese algo en contrario, quedaría derogado- e que o puidese levar por mar aos distintos lugares e portos do Reino de Galicia “(...) con que primero los priores diesen fianzas ante las justicias de las partes y lugares donde el tal pan se embarcase de que no lo llevarían fuera deste Reyno y que dentro de treinta dias traxesen testimonio y certificación ocasión se había descargado dentro del Reyno de Galicia (...) bio el testigo que el dicho enbiava pedir licencia a la justicia e regimiento de la villa de Mogía para cargar cierta cantidad de trigo en la villa de Mugía e Puerto del y este testigo tiene para consigo fue a pedir la dicha licencia de parte del dicho fray Pedro de Najera y abiendo el dicho testigo tratado cerca de la dicha Licencia con Juan de Cemele [*Camelle*] procurador general de la dicha villa e Hernando de Castro vezino della dixeron que dicho prior no abia de cargar el dicho pan ni lo abia de consentir y por razón dello se alborotó el pueblo y a la dicha ocasión lleigo el dicho fray Pedro de Najera y delante del benyan siete u ocho carros cargados de pan y de ver la dicha rebuelta en dicho Pueblo hizo bolber al dicho priorado los dichos carros con el dicho trigo y no quiso por entonzes cargallo ≈ y despues el dicho fray Pedro de Najera ocudio (*sic*) delante de su Magetad e su Real Concejo y alcanzó cédula real a que este testigo se refiere para que pudiese cargar libremente todo el pan de dicho priorado para las partes y lugares deste reyno dando prymero fianzas delatante de la justicia de los Pueblos donde lo cargase según della constara en bertud

de la qual el dicho fray Pedro de Najera la noteficó a don Pedro Portocarrero Regente que a la saçón hera en este reyno el qual retubo en su poder la dicha real cédula e provisión sin dar respuesta y el dicho fray Pedro de Náxera tomó un testimonio contra él con el qual ocudió al dicho real consejo y traxo segunda carta. Para que se le entregase su provisión y cédula real y se guardase y cumpliese como en ella se contenya (...) y el dicho Don Pedro Portocarrero la obedeció y mandó que se guardase y cumpliese lo en ella contenido y mandó que benyese una persona asistir a la carga del trigo que el prior quisiese cargar el qual byno y el dicho Prior cargó en el arenal de la Arena Mayor que hes jurisdicción del dicho monasterio que esta en medio de la fuente Sartaña e de la villa de Mujía mas de setenta cargas de trigo y acudió a dar la fianza delante la dicha justizia de Morayme donde cargó el dicho pan sin que el prior ubiese pedido para la carga liçencia ninguna a la justicia de Mujía y lo cargó libremente.”<sup>46</sup>

Este feito repetirase máis veces cara finais do século XVI e nos primeiros anos do século XVII.

En 1594 o prior segue contando con Real Provisión para que o mosteiro de Moraime poida sacar trigo e centeo por mar. Esta actividade comercial era bastante frecuente nos pequenos conventos beneditinos. “Debemos facer, xa que logo, unha apreciación xeral que seica rexía nos principais cenobios. Os mosteiros mais importantes (as Casas matrices) apenas comercializaban os seus ingresos, mentres os priorados e mailas granxas facían nunha altísima proporción a causa do seu carácter de enclave ou sucursal no centro dun pequeno dominio.”<sup>47</sup>

Na historia de Moraime aparecen dous priores co nome de Pedro de Náxera, un en 1502 e outro cara 1570. O primeiro como reformador beneditino; o segundo, como vemos, é un prior que tivo moita influencia na administración e na economía do mosteiro.

## V.- Os preitos e a información aportada

Da lectura do contido das disputas sácanse datos moi importantes. Digamos que é o “coñecemento da historia manuscrita a través do barullo”.

As declaracións de testemuñas fornécennos datos topográficos, toponímicos, económicos, de idade, saúde, etc. Igualmente, durante o desenvolvemento do litixio, a mostra de títulos ou documentos anteriores ao proceso, como probas ou testemuños, que cada parte leva para súa defensa, tamén son unha valiosa aportación historiográfica. Todo isto enriquece o coñecemento da materia que nos ocupa, presentando información que doutro xeito ficaría inaccesible.

46 AHUS. Título: Informaciones del Monasterio de San Xiao de Moraime. Signatura: Clr-1.181, P.3, Doc.1.

47 Villares, R. *Foros, Frades e Fidalgos*. pp. 30.

Como vimos anteriormente, o mosteiro aínda tendo os privilexios reais e sendo encomendado polas familias nobres galegas, sufriu períodos vizosos e outros, polo contrario, de esmorecemento.

Instaurada a Real Audiencia en Galicia, a finais do s. XV, e sendo máis operativa no s. XVI, este mosteiro recorre a ela en distintas ocasións para defender os seus intereses. E, pola contra, é igualmente levado ante ese Tribunal por distintos actores sociais: veciños, escribáns, a Casa de Altamira, etc, para ampararen os seus dereitos. Tamén se dá entre o priorado e a Mitra Compostela, por conflito de intereses.

A modo de exemplo, na Real Audiencia do Reino de Galicia, podemos destacar os seguintes preitos:

| <i>Ano</i> | <i>Demandante</i> | <i>Demandado</i>          | <i>Obxecto</i>                          |
|------------|-------------------|---------------------------|-----------------------------------------|
| 1560       | Moraime           | Altamira                  | Lugar de Lucín. S. Martiño de Olveira   |
| 1562       | Moraime           | Andres Sadrido            | Casa en Muxía                           |
| 1568       | Moraime           | Alonso Palmeiro           | Prado en Brión                          |
| 1570       | Moraime           | Fcº Lopez                 | Casa en Muxía                           |
| 1574       | Moraime           | Juan Vidal                | Lugar da Carballa en Cesullas           |
| 1577       | Pedro de No       | Moraime                   | Diezmos en Culúns                       |
| 1577       | Moraime           | Xustiza de Santiago       | Pontes de Ourense e a Cigarrosa         |
| 1579       | Moraime           | F. Martinez Calo y Rioobo | Lugar de Sarteguas. Dumbría             |
| 1580       | Juan Martinez     | Moraime                   | Lugar de Serantes                       |
| 1581       | Moraime           | Alonso Cereijo            | Lugar de Merexo                         |
| 1584       | Alberto Agulleiro | Moraime                   | Lugar de Xurarantes                     |
| 1584       | Moraime           | Mª de Xurarantes          | Casal de Xurarantes                     |
| 1585       | Fcº Diaz          | Moraime                   | Por un muíño                            |
| 1586       | Moraime           | D. Diego de Zalmarin      | Lugar e casal de Agro do Sio. Vilastose |
| 1586       | Broz de Castro    | Moraime                   | Pago de primicias                       |
| 1587       | Moraime           | Pedro Ferro               | Lugar de Ferrio, Stª Baia. Dumbría      |
| 1588       | Bartolomé Abadín  | Moraime                   | Casal de Buxán                          |
| 1591       | Xustiza de Muxía  | Moraime                   | Por cobro de moer o froito en Moraime   |
| 1592       | Moraime           | Juan Pereira              | Casal de Roalo. Vimianzo                |
| 1600       | Muxía             | Moraime                   | Por barcos na ría                       |
| 1601       | Moraime           | Alonso Marquez            | Lugar de San Adrián de Toba. Cee        |

Resumo de cantidades de preitos que están recollidos no ARG (Real Audiencia de Galicia):

| <i>Século</i>     | <i>Nº de conflitos nos que aparece Moraime como demandante ou demandado</i> |
|-------------------|-----------------------------------------------------------------------------|
| XVI               | 31                                                                          |
| XVII              | 88                                                                          |
| XVIII             | 22                                                                          |
| XIX <sup>48</sup> | 11                                                                          |

48 O último recollido é do ano 1841, en pleno proceso de exlaustración e desamortización.

A estes datos habería que sumar os preitos ou reclamacións que se levaron diante doutras instancias administrativas e que están en distintos arquivos de Galicia (AHUS, AHDS...) ou de España (AHN, AGS, ARCHV...)

Citabamos ao comezo da idade Moderna (1534), a disputa entre as xurisdicións de Muxía e Moraime, polos lindes de cada un deles, e a intención dos de Muxía de estableceren instrumentos de goberno distintos dos de Moraime.

As relacións entre as dúas comunidades neste ano non eran tan illadas nin distantes como a primeira vista parece desprenderse deste asunto. O cartapacio desta disputa, que en concreto está no AHUS<sup>49</sup>, móstranos as relacións económicas que tiñan os muxiáns cos moraimeses e que en síntese poñemos a continuación.

Os de Muxía son propietarios dunha serie de bens que teñen arrendados aos veciños de Moraime no conto destes últimos. O escribán de Moraime, como consecuencia da disputa, faille “**secuestros**” ou embargos dos ditos bens dos muxiáns.

(Consérvase a ortografía documental)<sup>50</sup>

